

III.- CONDICIÓN DA CESIÓN

1. Todos os gastos correntes e subministracións serán a cargo da Deputación da Coruña.
2. Será por conta da Asociación de empresarios Parque Empresarial Tella o pago dos impostos relativos ao citado local.
3. A Deputación da Coruña comprométese a manter o local en perfectas condicións de uso mentres dure a cesión de uso de balde.
4. A Asociación poderá facer un uso puntual das instalacións para a realización de actividades concretas, previa coordinación coa Deputación.
5. No inventario xurídico e no contable da Deputación deberase inscribir esta cesión de uso así como as condicións de cesión, e en especial a duración da mesma

IV.- VIXENCIA

A vixencia da cesión de uso será de 24 meses dende a formalización do convenio.

Por acordo expreso de ambas partes, poderase prorrogar este prazo inicial, ampliando a súa vixencia nos termos que se indiquen.

V.- UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN

A Deputación utilizará as instalacións única e exclusivamente como Oficina Acelera Pyme, para o desenvolvemento das actividades e actuacións previstas no proxecto aprobado ao abeiro da convocatoria de axudas 2021 para a creación da Rede de Oficinas Acelera Pyme para entornos rurais (C029/21- ED)

A Asociación, de xeito coordinado coa Deputación poderá facer uso das instalacións sempre que non se vexa afectado o normal funcionamento da OAP.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por **Resolución de Presidencia** número **50991** de data **2 de decembro de 2022**.

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA,

O PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE
EMPRESARIOS PARQUE EMPRESARIAL TELLA

D. Valentín González Formoso

D. José Ramón Pombo Imia

A SECRETARIA XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Amparo Taboada Gil



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 126 /2022

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS PARQUE EMPRESARIAL TELLA PARA A CESIÓN DE USO Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA DUN LOCAL PARA UBICAR A OFICINA ACELERA PYME RURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (OAP)

En A Coruña, a 9 de decembro de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, Presidente da Deputación da Coruña, e

doutra parte, D. José Ramón Pombo Imia, Presidente da Asociación de empresarios parque empresarial Tella.

Ambas as partes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste convenio e, a tal efecto,

EXPOÑEN

1.- A entidade pública empresarial Red.es, M.P., adscrita ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, a través da Secretaría de Estado e Dixitalización e Intelixencia Artificial, vén de resolver con data 29 de agosto, a concesión dunha axuda á Deputación da Coruña para a creación dunha Oficina Acelera Pyme Rural para a provincia da Coruña, ao abeiro da convocatoria de axudas 2021 para a creación da Rede de Oficinas Acelera Pyme para entornos rurais (C029/21- ED).

A convocatoria xurdiu co fin de impulsar a adopción de tecnoloxías dixitais por parte das empresas principalmente ubicadas en municipios con poboacións inferiores a 20.000 habitantes, axudando na súa transformación dixital, e con isto, a transformación da economía e da sociedade cara un entorno dixital, contribuíndo ao mantemento da poboación rural e á loita contra a despoboación. Está regulada polo establecido na Orde ECE/1301/2019, de 17 de decembro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas pola entidade pública empresarial Red.es, M.P., a programas para o desenvolvemento do emprendemento tecnolóxico e a demanda tecnolóxica, no marco da Acción Estratéxica de Economía e Sociedade Dixital do Programa Estatal de I+D+i orientada a retos da sociedade (BOE de 9 de xaneiro de 2020), modificada pola Orde ETD/857/2021, de 28 de xullo (en adiante “as Bases Reguladoras”).

As actuacións a realizar no marco desta convocatoria, serán financiadas con cargo aos fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia dentro do Instrumento Europeo de Recuperación (Next Generation EU), de acordo con Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Concretamente, enmárcase no compoñente 13- Impulso á pyme, na inversión 3- Dixitalización e Innovación, no marco de Acelera Pyme 2.0.

Nesta liña, a Deputación da Coruña mantén unha aposta permanente por consolidar un modelo de provincia competitiva, sostible, solidaria, integradora, equilibrada e innovadora. De feito son numerosas as actuacións que a entidade provincial está levando a cabo para impulsar o desenvolvemento económico, social, cultural e ambiental da provincia.

A raíz da pandemia da Covid-19, a dixitalización supón a supervivencia de moitas empresas, xa sexa dende a implantación de códigos QR para os menús dos restaurantes, o crecemento do mercado das apps, como as de servizos de delivery, e a implantación de webs ecommerce para a venda online. A transformación dixital é unha realidade e a OAP Deputación da Coruña, nace co obxectivo de facer que esta chegue a calquera negocio, por moi recóndito que sexa.

Á vista da concesión da axuda ao abeiro da mencionada convocatoria, a Deputación da Coruña pretende poñer en marcha a Oficina Acelera Pyme Rural, no Concello de Ponteceso, en adiante OAP Deputación da Coruña, coa finalidade de dar alcance coa súa actividade a un total de 93 municipios, só 11 deles con máis de 20.000 habitantes. Segundo a propia convocatoria, enténdese por Oficina Acelera Pyme Rural, un ou máis espazos físicos repartidos polo territorio, e un espazo virtual no que se realizan labores de sensibilización e apoio ás empresas españolas (incluídas as de nova creación), sobre as vantaxes e metoloxías innovadoras para optimizar o funcionamento dos seus negocios, mediante a incorporación das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (TIC) nos seus procesos, de xeito que se favoreza a demanda de tecnoloxías innovadoras que contribúan á mellora da súa produtividade.

A dita oficina ofrecerá a pemes, persoas autónomas e emprendedores da provincia da Coruña, os servizos de asesoramento personalizado en materia de transformación dixital, actividades de sensibilización, información e apoio, servizos de información e seguemento sobre convocatorias de axudas rexionais, locais e nacionais; e actividades de networking.

Con este proxecto, a entidade provincial quere apoiar ás pemes, autónomos/as e emprendedores/as da provincia no seu proceso de dixitalización, o que permitirá mellorar a súa competitividade, acadando deste xeito o crecemento económico do territorio e contribuindo a evitar a despoboación dos municipios rurais.

A Asociación Parque Empresarial Tella é a titular dun local sito no Pq Empresarial Tella, D, nº22, 15110, Ponteceso, que reúne as condicións idóneas para ubicar nel a OAP Deputación da Coruña.

2.- Para o tecido empresarial dos pequenos municipios da provincia, a chamada brecha dixital supón un freo importante para o seu crecemento e competitividade, xa que os entornos rurais enfrontan limitacións adicionais en canto ao grao de aproveitamento das tecnoloxías dixitais, o cal supón unha discriminación tecnolóxica tamén para a cidadanía en xeral.

Neste senso a entidade provincial considerou de interese presentar unha candidatura de proxecto á convocatoria de axudas 2021 para a creación da Rede de Oficinas Acelera Pyme para entornos rurais (C029/21-ED) e para a creación da OAP Deputación da Coruña no Concello de Ponteceso, resultando beneficiaria da dita axuda.

Dado que a convocatoria establece que as OAPs deben ser un punto tanto físico como virtual para a resolución de dúbidas ás persoas usuarias nos seus procesos de transformación dixital e para a realización de accións de sensibilización e apoio neste ámbito, a Deputación, ademais de poñer a súa Rede de Coworking a disposición da OAP Deputación da Coruña, e poñer en marcha a oficina virtual, abrirá a oficina física no Concello de Ponteceso, un concello referente no desenvolvemento exitoso doutros proxectos piloto de desenvolvemento territorial levados a cabo pola entidade provincial, debido entre outras singularidades, á diversidade do seu tecido empresarial e ao seu enorme potencial para a adaptación tecnolóxica e para asumir procesos de transformación dixital con eficacia.

A Asociación Parque Empresarial Tella dispón en propiedade dun local que reúne as condicións axeitadas para situar a OAP Deputación da Coruña.

A Excm. Deputación provincial da Coruña e a Asociación Parque Empresarial Tella, consideran de grande interese para a provincia, sensibilizar ás pemes e persoas autónomas, fomentar nesas persoas a demanda tecnolóxica, potenciar o efectivo proceso de dixitalización de zonas rurais e apoialas na obtención de axudas e facilitar un punto de encontro.

A maior fundamento, existe unha motivación a maiores, o interese público, concepto xurídico indeterminado que non ten unha aplicación precisa e inequívoca, e que debe ser perfilado en cada suposto que se trate. Neste senso, a propia lei 39/2019, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece o dereito dos cidadáns a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas, así como a obrigação destas de dotarse dos medios e sistemas necesarios para que ese dereito puidese exercerse. Con todo, na contorna actual, a tramitación electrónica non pode ser aínda unha forma especial de xestión dos procedementos senón que debe constituír a actuación habitual das Administracións, xa que unha Administración sen papel baseada nun funcionamento integramente electrónico non só serve mellor aos principios de eficacia e eficiencia, ao aforrar custos a cidadáns e empresas, senón que tamén reforza as garantías dos interesados

Por outra banda a apertura da OAP no Concello de Ponteceso constitúe unha medida fronte a despoblación dos Concellos da Provincia da Coruña, xa que o implica a posta a disposición dos habitantes dun punto tanto físico como virtual para a resolución de dúbidas sobre os procesos de transformación dixital e para a realización de accións de sensibilización e apoio neste ámbito

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O obxecto é a cesión á Deputación da Coruña dunhas instalacións sitas no Pq. Empresarial Tella, D, nº22, 15110, Ponteceso, pola Asociación de Empresarios Parque Empresarial Tella CIF G15790066, para a ubicar a OAP Deputación da Coruña, e financiar os gastos correntes derivados do funcionamento da mesma.

Segundo a información rexistral que consta no expediente, as ditas instalacións contan cunha superficie de catrocentos dous metros cadrados (402m²) distribuídos en dúas plantas, planta baixa e planta alta. Teñen unha extensión superficial na súa totalidade de catrocentos trinta e un metros e vinte decímetros cadrados construídos. A planta baixa ocupa unha superficie construída de douscentos corenta e cinco metros e vinte decímetros cadrados (245,20m²) e a planta alta ocupa unha superficie construída de cento oitenta e seis metros cadrados (186m²)

A OAP Deputación da Coruña, ofrecerá a pymes, persoas autónomas e emprendedoras, os servizos de asesoramento personalizado en materia de transformación dixital, actividades de sensibilización, información e apoio, servizos de información e seguimento sobre convocatorias de axudas rexionais, locais e nacionais e actividades de networking.

II.- FINANCIAMENTO

A cesión ten carácter gratuito, non entanto, a Deputación provincial asume con cargo ao seu orzamento, o financiamento dos gastos correntes correspondentes a electricidade, internet e teléfono, auga e servizos de limpeza, derivados do funcionamento da OAP Deputación da Coruña, durante a vixencia da cesión.

Os recibos dos gastos correntes seranlle abonados á propia Asociación, previa presentación das facturas correspondentes aos gastos seguintes: electricidade, internet e teléfono, auga e servizos de limpeza.

O abono das ditas facturas devengarase cada dous meses, unha vez validados os gastos pola Deputación.

Os gastos correntes financiados serán os comprendidos dentro do prazo de vixencia do convenio de cesión.

O importe dos gastos do convenio farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/92052/226.99, da anualidade 2022